



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Literatura Española	Código	613G01011	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Pena Sueiro, Nieves	Correo electrónico	nieves.pena.sueiro@udc.es	
Profesorado	Caparros Esperante, Luis García González, Ariana Jimeno Rodríguez, Juan Antonio Novoa Blanco, Francisco Javier Pena Sueiro, Nieves	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es a.garciag@udc.es juan.jimeno@udc.es francisco.novoa@udc.es nieves.pena.sueiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introdución á Historia da Literatura Española a través dos seus principais autores e obras.			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios nos contidos</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteñense as metodoloxías . Obradoiro . Lecturas . Proba obxectiva</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican As aulas maxistras suprimense. Sostituense por apuntes autoexplicativos en Moodle e no seu caso por sesións sincrónicas en Teams. As aulas interactivas realízanse a través da aplicación Teams para a resolución de dúbidas e a realización de exercicios e titorización do alumnado.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Atenderase ao alumnado mediante correo electrónico; Teams en titorías colectivas e individuais, seguindo o horario das aulas e das titorías.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Suprimese a Participación. As porcentaxes distribúense como segue: Control de lectura: 30% Control de comentario: 30% Proba obxectiva: 40% Para a proba obxectiva o alumnado dispoñerá de 12 horas. A entrega farase no Moodle.</p> <p>*Observacións de avaliación: Para aprobar a materia o alumnado debe obter un 4 sobre 10 na ?Proba obxectiva? nas dúas oportunidades. Si na primeira oportunidade a materia está suspensa e a nota da Proba obxectiva? fose inferior a 5, na segunda oportunidade hai que repetila. Mantense o exame opcional en xaneiro que permitirá liberar materia da primeira parte. A presentación de novo a esta parte nas convocatorias de maio e xullo significa que a segunda cualificación, sexa cal sexa, prevalece sobre a primeira.</p> <p>O alumnado que non realice a Proba obxectiva será cualificado como Non presentado (NP), aínda que teña realizados os demais exercicios.</p> <p>Na segunda oportunidade será gardada toda avaliación positiva realizada no primeiro cuatrimestre ou no segundo cuatrimestre. Na segunda oportunidade, o alumnado ten a posibilidade de volver se presentar a calquera exercicio, mais neste caso, a cualificación que conte, sexa cal sexa, será a da avaliación da segunda oportunidade.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non haberá modificación da bibliografía pois os materiais necesarios estarán accesibles no Moodle desde o inicio do curso.</p>
-----------------------------	---

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os principais autores e obras da Literatura española e valorar criticamente as súas producións.	A1 A2 A5 A11 A15 A17	B1 B5 B6 B7 B10	
Adquirir capacidades e sentido crítico para o estudo e a análise literaria de textos españois.	A1 A2 A5 A11 A15 A17	B1 B5 B6 B7 B10	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Idade Media	1.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura medievais 1.2. Análise e comentarios de las Coplas a la muerte de su padre, de Jorge Manrique. 1.3. Análise e comentarios de La Celestina.
2. Século XVI	2.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura no Renacemento. 2.2. Análise e comentarios de Garcilaso de la Vega e frei Juan de la Cruz. 2.3. Análise e comentarios de Lazarillo de Tormes.
3. Século XVII	3.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura no Barroco 3.2. Análise e comentarios de El Quijote. 3.3. Análise e comentarios de lírica do XVII. 3.4. A comedia áurea en El caballero de Olmedo, de Lope de Vega.
4. Da Ilustración ao Naturalismo	4.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura nos séculos XVIII e XIX. 4.2. Movementos, autores e xéneros. 4.3. Análise e comentario de El sí de las niñas. 4.4. Análise e comentario de Espronceda e de Bécquer. 4.5. Análise e comentario de obras do Realismo. Cuentos de Pardo Bazán.
5. Do Modernismo á actualidade	5. 1. Introducción: sociedade, cultura e literatura contemporáneas e actuais. 5. 2. Movementos, autores e xéneros. 5.3. Análise e comentario de prosa e lírica modernista. Azorín, Rubén Darío e Juan Ramón Jiménez. 5.4. Análise e comentario de poesía das vangardas e 27. Lorca, Alberti, Cernuda. 5.5. Análise e comentario de La habitación de Nona.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	42	10	52
Obradoiro	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	22	22	44



Lecturas	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	0	80	80
Proba obxectiva	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	4	40	44
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Impartiranse nas sesións comúns e terán carácter teórico e expositivo. No formato de grupo reducido tense como obxectivo favorecer a participación activa do alumnado, que computa igualmente para a cualificación final.
Obradoiro	Nas aulas en grupo reducido desenvolveranse comentarios guiados sobre textos das lecturas. Á final de cuadrimestre avalíaranse, mediante proba escrita e controis, a destreza adquirida nestes comentarios e as lecturas realizadas.
Lecturas	En todas as aulas traballarase sobre textos de lectura obrigatoria, indicados na presente guía docente ou en Moodle. Cómpre facer as lecturas antes da explicación do tema, para o seu correcto aproveitamento.
Proba obxectiva	Unha proba escrita (exame) na data oficial asignada no mes de xuño, con nova convocatoria de segunda oportunidade en xullo. Nestas probas, o alumnado deberá amosar o seu dominio dos contidos e destrezas traballados nas sesións maxistrais e tamén nos grupos reducidos e seminarios.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Proba obxectiva Lecturas Sesión maxistral	A atención personalizada de carácter presencial darase durante o horario oficial de titorías ou, no seu caso, a través da plataforma Moodle ou por correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	Cada cuadrimestre elaborárase nas aulas unha proba consistente no comentario literario dun texto seleccionado polos profesores, como control do aprendido neste campo.	20
Proba obxectiva	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	Nas datas oficiais realizaranse as probas obxectivas (exames) pertinentes.	50
Lecturas	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	Lecturas obrigatorias que serán a base para as sesións maxistrais e os obradoiros do curso. Cada cuadrimestre realizarase un control destas lecturas.	20
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	A sesión maxistral vai ligada á aprendizaxe colaborativa, que aparece debaixo. Computarase en relación con ela: asistencia, participacións, etc.	10

Observacións avaliación



As anteriores porcentaxes son orientativas. Para completar a información, cómpre ter en conta o seguinte:

1. O 50% da cualificación final obterase polas probas escritas (exames) en convocatorias oficiais de primeira e de segunda oportunidade. Para aprobalas, e para aprobar a asignatura, deberase obter nelas un mínimo de 4 sobre 10. Por exemplo, un 3 no exame non é posible compensalo cun 7 pola suma de actividades e asistencia.
2. Con independencia do anterior, haberá un exame opcional en xaneiro que permitirá liberar materia da primeira parte da asignatura. A presentación de novo a esta parte nas convocatorias de maio e de xullo significa que a segunda cualificación, sexa esta cal sexa, prevalece sobre a primeira.
3. O 40% obterase pola realización de actividades durante o curso. Un 20% corresponde a dous comentarios de texto e outro 20% para dous controis de lectura. En ambos casos, as probas serán por escrito, en horario de curso, á final de cada período, en decembro e maio.
4. O 10% restante corresponde á asistencia, participación e desempeño de cada estudante no decorrer do curso, con atención á aprendizaxe colaborativa.
5. Para obter cualificación é indispensable presentarse ás convocatorias oficiais, tanto en primeira como en segunda oportunidade.
6. Toda avaliación positiva será gardada para a cualificación da segunda oportunidade, en xullo. En caso de estar suspensas ou non realizadas, efectuaranse entón as probas pertinentes. Isto serve igualmente para a cualificación do 10% contemplada no punto 4, que se manterá na segunda oportunidade.
7. A convocatoria adiantada de decembro consistirá na realización dunha proba escrita (50% da cualificación) e dunha proba específica sobre as lecturas propias da materia (50% da cualificación). Esta última pode ser oral.
8. O alumnado con dispensa académica recoñecida deberá comunicalo por escrito a [luis.caparros@udc.es](mailto:luis.caparros@udc.es), co asunto: "Dispensa de asistencia 2020-2021", en canto comece o curso ou sexa efectiva a matrícula. A dispensa académica elimina neste caso o 10% correspondente á asistencia. Esa porcentaxe trasládase ás actividades, que pasarán a contar cada unha o 25% da cualificación final.
9. O alumnado repetidor que non poida asistir ás aulas ten a opción de acollerse ao sistema anterior, mediante aceptación expresa, comunicada a través dun correo electrónico a [luis.caparros@udc.es](mailto:luis.caparros@udc.es), co mesmo asunto e sempre antes do día 15 de setembro. Isto é importante.
10. As probas escritas e as actividades deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística en español, lingua regulamentaria do curso: acentuación, ortografía, precisión léxica, ausencia de abreviaturas, rexistro formal, etc. A penalización por faltas graves será de medio punto en cada caso. Para estudantes de lingua estranxeira, será indispensable un dominio razoable da lingua española, tanto en expresión oral como escrita.
11. Calquera forma de plaxio, como a cita de traballos alleos sen a marca de tal ou sen a referencia correspondente, suporá o suspenso para a proba ou traballo. O mesmo aplicarase a calquera forma de copia indebida nas probas ou exames. O control farase mediante o programa de detección de plaxios Turnitin, autorizado pola Xunta de Facultade.
12. Forma parte das obrigas do alumnado estar ao corrente do curso e das actividades mediante a consulta periódica da plataforma Moodle.
13. Lémbrese que os dereitos e deberes do alumnado da UDC están recollidos no Estatuto do Estudantado, na web institucional: <https://www.udc.es/estatuto> O resto de normativa pode consultarse en: <https://www.udc.es/gl/normativa/estudantes/>



<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<p>Lecturas obrigatorias .PRIMEIRA PARTEIdade Media 1. Coplas a la muerte de su padre, de Jorge Manrique (pdf en Moodle).2. Fernando de Rojas, La Celestina, ed. de F. J. Lobera, G. Serés e outros. Madrid: Real Academia Española, 2011.??Edición alternativa: P. E. Russell, ed. Madrid: Castalia, 1991.??Edición alternativa: D. S. Severin, ed. Madrid: Cátedra, 1992. Século XVI 3. Selección de textos de Garcilaso de la Vega e frei Juan de la Cruz (pdf en Moodle).4. Lazarillo de Tormes, ed. Francisco Rico. Madrid: Real Academia Española, 2011.--Edición alternativa: F. Rico. Madrid: Cátedra, 2006.--Edición alternativa: A. Blecua, ed. Madrid: Castalia, 1974.--Edición alternativa: A. Ruffinato, ed. Madrid: Castalia, 2001.--Edición en liña: Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2004: <a href="http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmc542k8">http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmc542k8</a> Século XVII 4. Miguel de Cervantes, capítulos 23 a 27 da Primeira parte de Don Quijote de la Mancha, edición en liña do Instituto Cervantes (Centro Virtual Cervantes), dirixida por Francisco Rico: &amp;lt; <a href="http://cvc.cervantes.es/literatura/clasicos/quijote/">http://cvc.cervantes.es/literatura/clasicos/quijote/</a> &amp;gt; (consultado a 09/07/2019).??Edición alternativa, en papel. Barcelona: Instituto Cervantes, Galaxia Gutenberg (Círculo de Lectores) e Centro para la Edición de los Clásicos Españoles, 2004 (2 vols.).5. Selección de textos líricos do XVII (pdf en Moodle).6. Lope de Vega, El caballero de Olmedo, ed. Francisco Rico, 12ª ed. Madrid: Cátedra, 2004.??Edición alternativa, electrónica, por Ignacio Arellano, Universidad de Navarra (2013), descargable en pdf a través de Moodle..SEGUNDA PARTESéculo XVIII7. Fernández de Moratín, Leandro, El sí de las niñas. Barcelona, Crítica, 1994.Século XIX8. Pardo Bazán, Emilia, Cuentos, selección facilitada pola profesora.9. Espronceda, José, El estudiante de Salamanca, ed. R. Marrast, Madrid, Castalia, 1993. Bécquer, selección de poemas facilitada pola profesora.Século XX 10. Selección de poemas Vanguardia e 27, facilitada pola profesora. 11. Fernández Cubas, Cristina, La habitación de Nona, Barcelona, Tusquets, agora en, Maxi Tusquets, 2019.Século XXI12. Selección de textos, facilitada pola profesora.</p>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<p>Lecturas recomendadasManuais Alberich, J. et al., dir., Historia de la Literatura Española, Madrid: Cátedra, 1990.Alvar, C., J. C. Mainer y R. Navarro Durán, Breve historia de la literatura española, Madrid: Alianza Editorial, 1997.Mainer, J. C. dir., Historia de la literatura española, Barcelona: Crítica, 2010. 9 vols.Rico, F. dir., Historia y crítica de la literatura española, Barcelona: Crítica, 1983-.Rodríguez Cacho, L., Manual de historia de la literatura española, Madrid: Castalia, 2009. Estudios Aguilar Piñal, F., Introducción al siglo XVIII, Madrid: Júcar, 1991.Bataillon, Marcel, Erasmo y España: estudios sobre la historia espiritual del siglo XVI, trad. de Antonio Alatorre, Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1995. [2ª ed., 5ª reimp.]Curtius, Ernst, Literatura europea y Edad Media Latina, México: FCE, varias eds.García de la Concha, V., ed., El Surrealismo, Madrid: Taurus (El escritor y la crítica), 1982. Gies, David, ed., El romanticismo, Madrid: Taurus, 1989. Guillén, Claudio, El primer Siglo de Oro: estudios sobre géneros y métodos, Barcelona: Crítica,1988. Lewis, C.S., La imagen del mundo: introducción a la literatura medieval y renacentista, Barcelona: Península, 1997. Lissorgues, Y., M. Palenque Francisca Soria, ?Del Realismo al Fin de Siglo. Sociedad y arte literario?, en V. García de la Concha, dir., y F. Romero Tobar, coord., Historia de la literatura española. Siglo XIX, Madrid: Espasa-Calpe, 1998, pp. 1-90.Litvak, L., ed., El Modernismo, Madrid: Taurus (El escritor y la crítica), 1975.López Bueno, B., coord., La Renovación Poética del Renacimiento al Barroco, Madrid: Síntesis, 2006.Mainer, J. C., La Edad de Plata (1902-1939), Madrid: Cátedra, 1983.Mainer, J. C., De posguerra (1951-1990), Barcelona: Crítica, 1994.Riley, Edward C., Cervantes? Theory of the Novel, Oxford: Clarendon Press, 1962, traducido como Teoría de la novela en Cervantes, Madrid: Taurus, 1966. Romero Tobar, L., Panorama crítico del Romanticismo español, Madrid: Castalia, 1994.Ruiz Pérez, P., Manual de literatura española de los siglos de oro, Madrid: Castalia, 2000.Strosetzki, Christoph, ed., Teatro español del Siglo de Oro: teoría y práctica, Frankfurt am Main: Vervuert, 1998. Yndurain, Domingo, Humanismo y Renacimiento en España, Madrid: Cátedra, 1994.</p>

**Recomendacións**

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Lingua Española 1/613G01001

Introdución aos Estudos Literarios/613G01005

Lingua e Cultura Clásica/613G01006

**Materias que se recomienda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**



## Observacións

A asistencia regular ás aulas é indispensable. Calquera circunstancia que a dificulte deberá ser comunicada e consultada co profesorado ao inicio do curso. Salvo indicación en contra, non se admitirán traballos por correo electrónico. O único soporte para a entrega será o papel. As lecturas obrigatorias faranse nas edicións críticas recomendadas arriba ou, no seu caso, nas consultadas co profesorado. A guía docente é o documento público onde se visualiza a proposta académica da UDC e o marco regulamentario oficial destes estudos. Como tal, é o documento de referencia que obriga a docentes e a estudantes.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías